

CANLES

SUPLEMENTOS

Maré

memoria

O albanel da cultura

Toxosoutos edita a máis completa biografía sobre Xosé María Álvarez Blázquez ata hoxe publicada, obra de Clodio González

M.D. . SANTIAGO



Álvarez Blázquez, –no centro–, coñeceu a Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio e Fernández del Riego, –na foto, de dereita a esquerda–

Un incansable traballador da cultura: editor, poeta, novelista, investigador da literatura do medievo e dos séculos escuros, divulgador... Así era Xosé María Álvarez Blázquez, o autor ó que se lle dedicará o Día das Letras do 2008.

A editorial Toxosoutos acaba de sacar do prelo a máis completa biografía ata o de agora publicada sobre este persoeiro da cultura galega : *Xosé María Álvarez Blázquez 1915-1985. A Terra é o fito chantado no centro xeométrico do meu horizonte*, obra do historiador Clodio González Pérez.

"Eu fago fincapé nos datos. A interpretación que a tire o lector", asegura González, colaborador de GALICIA HOXE. E así é. De feito, constrúe a súa argumentación a partir dunha ampla escolma de documentos, que mesmo introduce nas páxinas do libro como ilustracións. A biografía así concibida é, dalgún xeito e, ó mesmo tempo, unha homenaxe persoal do autor a Blázquez. "Tivemos moita relación, porque eu vivía ó lado da librería que el tiña", lembra.

Eu .gal

POR UN DOMINIO GALEGO

- **CANLES**
- **Canle Vivenda**
- **Cultura**
- **Deputación da Coruña**
- **Medio Ambiente**
- **Medio Rural**
- **Noticario Dixital**
- **Turismo**
- **Vicepresidencia**

"Álvarez Blázquez foi, sobre todo, un erudito, no bo sentido da palabra. E un idealista, como poeta que era. Foi membro do Partido Galeguista, pero non destacou tanto por isto como por ser unha persoa que traballou moito pola cultura", subliña.

Desde o seu posto de director -e cofundador- de Edicións Monterrey e Edicións Castrelos, Blázquez fixo posible a difusión de importantes títulos da literatura galega. "Con Monterrey publicou libros para bibliófilos. Con Castrelos logrou facer populares, que era o seu obxectivo, volumes como *O Moucho*, obras como *O catecismo do labrego*, que foi quince veces reeditada, ou as da colección *Pombal...*", apunta González. Álvarez Blázquez tamén destacou como investigador. "Foi un grande experto no cancionero medieval. Tamén recuperou moita literatura dos séculos escuros, moitas obras que non se coñecían. Adaptaba os textos á ortografía da época para facelos accesibles a todos. Foi o grande historiador de Vigo. E ten importantes traballos en arqueoloxía", comenta o seu máis recente biógrafo.

Tampouco se debe esquecer a obra de Blázquez como poeta e novelista. "Escribiu poemas que aínda hoxe son considerados grandes obras, como *Roseira do teu mencer*. E foi un gran novelista, en castelán. Chegou a ser nomeado finalista do premio Nadal", subliña Clodio González. Alén de todo isto, o protagonista das Letras Galegas do 2008 foi un gran divulgador da cultura, a través de colaboracións en medios de comunicación, charlas, debates, e do seu labor de profesor.

VIDA

A experiencia da represión

Clodio González decidiuse a investigar a fondo a vida e obra de Álvarez Blázquez ó coñecer a decisión da Real Academia Galega de dedicarlle o Día das Letras. "Blázquez fixo moito pola cultura cando non había os medios que hai agora. Foi represaliado despois do golpe do 1936, como a súa familia. Fusilaron o seu pai... Pero el soubo superar todo aquilo", conclúe González.

comentarios

Escribe o teu comentario

Alias

Chave

Para escribir os teus comentarios nas noticias, precisas ser usuario rexistrado. [De non selo rexístrate agora](#)

Título

Comentario